

**MUSEO LISTE - ETNOGRÁFICO DE VIGO E CENTRO DE ARTESANÍA
TRADICIONAL - CAT. PROGRAMACIÓN 2º TRIMESTRE 2014****MUSEO LISTE VIGO****EXPOSICIÓN PERMANENTE**

A través do percorrido polo Museo incidimos nos diversos aspectos do noso pasado a través da observación e o análise da nosa cultura material.

Continuase a renovación expositiva engadindo información textual que permita un percorrido non guiado ao longo da exposición. As visitas guiadas seguirán a desenvolverse, igualmente, para grupos (a partir de 10 persoas) previa solicitude e, para visitantes particulares, nos días e horas establecidos para tal fin (mércores e sábados ás 17:30 h.)

Ademais ampliamos contidos coa incorporación dun novo espazo expositivo que, con orixe nunha actividade complementaria, camiñou cara a converterse nunha parte da exposición permanente como recurso para mostrar aqueles obxectos que acompañaban aos homes e mulleres do rural. Inserta na sala de “ A cultura do centeo” tenta dar unha visión máis próxima ao humano que complementa a exhibición das pezas que documentan aspectos agrarios ou técnicos. Coñeceremos o especial valor que a nosa cultura outorgou a determinados elementos que, lonxe da súa sinxela aparencia, puideron chegar a ser imprescindibles. De igual xeito que hoxe en día acompañannos o móbil, as tarxetas, os panos de papel,... noutros tempos unha corda, o chisqueiro ou un fuso e unha roca, eran elementos que adoitaban ir con homes ou mulleres nos seus desprazamentos.

Como anunciabamos a comezos de ano, a Sala dos Oficios seguirá acollendo mostras de olería tradicional complementando deste xeito a súa temática. Neste trimestre exhibiranse pezas dos centros oleiros de Bonxe, Buño e Niñodaguia.

VISITAS GUIADAS:

Disponibles, como ven sendo habitual, para grupos previa solicitude.

Para o público en xeral, estes percorridos guiados realizaranse todos os mércores e sábados ás 17:30 h.



EXPOSICIÓNS TEMPORAIS**- EXPOSICIÓN TEMPORAL: HIJAS DE J. NIETO: UN OFICIO SINGULAR, FABRICANTES DE SÍMBOLOS.**

Contido: exposición temporal que acolle o mobiliario e útiles de traballo do obradoiro de fabricación de selos de caucho “Hijas de J. Nieto”. Este obradoiro estivo intimamente vencellado á historia da cidade durante todo o século XX xa que, dende a súa apertura arredor do 1900, ata o seu peche, xa no actual século, por el pasaron innumerábeis cidadáns de Vigo que hoxe cóntannos con saudade como lembran aquel espazo testemuñando o seu bo facer tanto no proceso de elaboración dos selos de caucho como no ámbito das estilográficas.

Lugar: Sala de exposicións temporais do Museo.

Soporte didáctico:

-Pezas procedentes do obradoiro “Hijas de J. Nieto”.

-Textos de sala como apoio á exposición.

-Monitor-guía para grupos.

Duración: do 15 de novembro de 2013 ao 30 de xuño de 2014.

A visita a esta exposición é gratuíta.

**- CON PÉS E CABEZA (EXPOSICIÓN ITINERANTE).**

Contido: o Castelo de Sobroso, en Pontearreas, acolle actualmente esta exhibición que comezou a súa itinerancia no ano 2010 na propia sede do Museo. Trasladada, despois, ao espazo expositivo da “Área Panorámica” de Tui quen deu o relevo ao Castelo. Acolle máis dun cento de pezas coas que se cubría a necesidade de calzado e tocado ao longo dos séculos.

Lugar: Castelo de Sobroso, Centro de Recuperación da Cultura Popular (Pontearreas).

Datas: sen especificar clausura.

Soporte didáctico: calzado e sombreiros utilizados como indumentaria ao longo dos tempos e que reflicten usos e estamentos sociais ben diversos. Dende os humildes puchos ata os exquisitos sombreiros de copa ou dende as alpargatas ás zocas abotinadas que imitaban o calzado utilizado polas clases máis acomodadas, os visitantes farán un percorrido pola historia da man destas pezas de indumentaria tan significativas.

- **MOSTRA TEMPORAL: UN BALEIRO ÚTIL**

Actividade complementaria e incluída no percorrido polo Museo

Contido: selección de pezas en madeira escavada referindo a temática da sala que as acolle a un ámbito xeográfico distinto do galego e incidindo deste xeito na importancia do coñecemento comparado.

Lugar: sala da madeira escavada do Museo.

Datas: todo o ano. As pezas contidas na mostra renóvanse de xeito trimestral.

Soporte didáctico: pezas en madeira escavada orixinarias de diversos continentes.

- **MOSTRAS FOTOGRÁFICAS: VEDACIÓNS.**

Actividade complementaria e incluída no percorrido polo Museo.

Contido: fotografías con grande valor documental que recollen as diversas formas de delimitar a propiedade privada e a importancia que estes lindes tiñan na base dunha sociedade apegada e definida pola terra e o seu dominio.

Lugar: sala de “O Peche” do Museo.

Datas: todo o ano. Con novas incorporacións de xeito trimestral.

Soporte didáctico: fotografías que ilustran as diversas formas de sinalar as propiedades privadas.



- **MOSTRAS FOTOGRÁFICAS: RETRETES.**

Actividade complementaria e incluída no percorrido polo Museo.

Contido: mostra das variadas solucións hixiénicas de antano, cos vellos retretes de castelos, pazos e casas; así como outras solución cara o futuro dos inodoros que se foron afastando do campo.

Lugar: paredes do “escusado” do Museo.

Datas: todo o ano. Con continuas incorporacións.

Soporte didáctico: fotografías.

- **MOSTRA FOTOGRÁFICA: CON OUTRO ENFOQUE.**

Contido: mostra fotográfica de D. José Luís Gómez Márquez. Exhibición de fotografías de gran formato iniciada no 2013 e que hoxe co obxectivo de integrar a imaxe no discurso expositivo enriquece os contidos da exposición permanente do Museo. Xurde, ademais, como un divertimento no que por a proba a nosa capacidade de observación.

Lugar: salas de exposición permanente.

Datas: durante todo o ano.

Soporte didáctico: fotografías de D. José Luís Gómez Márquez.



XORNADAS PARA A COMUNICACIÓN: O PROCESO TEXTIL, DO FÍO AO TEAR

Contido: Charla impartida polo experto en tecido tradicional Rafael González Goyanes. Con el, faremos un interesante percorrido partindo da obtención de diferentes fibras téxtiles como o liño e a la, pasando polo seu tinxido, o urdido ata o seu tecido no tear artesanal.

Lugar: Museo Liste de Vigo.

Datas: mércores, 23 de abril ás 17:30.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: público en xeral, entrada de balde.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Á VISITA Á EXPOSICIÓN PERMANENTE**- A SEDA EN GALICIA.**

Contido: apuntamentos sobre a case descoñecida industria sedeira en Galicia. Esta industria téxtil asentouse fundamentalmente, no noso territorio, no Val do Lemos a partir dos séculos XIV e XV. Trátase dunha manufactura herdeira da tradición chinesa e traída a Península Ibérica polos musulmáns que prepararon o camiño introducindo primeiro o cultivo da moreira cuxas follas serven de alimento aos vermes da seda. Tecido moi valorado pola súa resistencia, beleza e facilidade de tinxido.

Datas: do 15 de abril ao 30 de xuño.

Duración: 30 m.

Dirixido a: grupos escolares de educación primaria e secundaria previa solicitude.

Soporte didáctico: monitoraxe e audiovisual.


ACTIVIDADES PERTENCENTES AO CICLO ANUAL**- A SEMANA SANTA.**

Contido: exposición de figurados portugueses e actividades en torno a esta celebración co obxectivo de achegar esta festividade relixiosa e o seu coñecemento aos visitantes.

Datas: do 8 ao 22 de abril.

Dirixido a: público en xeral.

Soporte didáctico: figurados portugueses de Semana Santa, pertencentes á colección privada de Liqueñ Losada. Monitoraxe.

**- OS MAIOS**

Contido: actividade que combina a construción dun maio tradicional coa análise da súa orixe, simboloxía e coplas que xurdiron arredor desta tradición. Así mesmo, o sábado 10 de maio, dentro das actividades relacionadas con esta festa, levárase a cabo o **MAIO EN FAMILIA**, dirixido a todas as familias que desexen participar.

Lugar: xardín circundante ao Museo Liste.

Datas: primeira quincena do mes de maio.

Dirixido a: grupos de educación infantil e primaria previa solicitude.

Soporte didáctico: monitoraxe, estrutura para a elaboración do maio e elementos vexetais para o seu adorno.

- **O CORPUS**

Contido: acción que pretende dar a coñecer esta festividade anual e na que se falará sobre os distintos aspectos que a conforman e se procederá a realización dunha alfombra (floral, salina,...)

Lugar: xardín circundante ao Museo Liste.

Datas: do 10 ao 20 de xuño.

Dirixido a: grupos de educación infantil e primaria previa solicitude.

Soporte didáctico: monitoraxe, diversos elementos para a elaboración da alfombra.

- **SAN XOÁN**

Contido: como ven sendo habitual, centraremos esta celebración na súa especial simboloxía co emprego de diversos elementos en variados rituais.

Lugar: xardín circundante ao Museo Liste.

Datas: 21 de xuño.

Dirixido a: público en xeral.

Soporte didáctico: monitoraxe, herbas de San Xoán.



ACTIVIDADES ESPECIAIS

- **MOSTRA FOTOGRÁFICA DAS OBRAS PREMIADAS NO I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “ A RECONQUISTA DE VIGO” 2014.**

Contido: mostra temporal das fotografías seleccionadas no I Concurso de Fotografía convocado con motivo da celebración de “A Reconquista” a finais do mes de marzo.

Lugar: sala “A cultura do centeo”.

Datas: sen concretar, serán convenientemente difundidas.

Dirixido a: público en xeral.



- **DÍA DAS LETRAS GALEGAS (17 DE MAIO)**

Contido: conmemoración dedicada este ano a figura do poeta Xosé María Díaz Castro (1914-1989). Con motivo desta celebración establécese a semana anual de portas abertas. Tamén se abordara a realización de diversas actividades manuais como a confección de murais e collages dirixidas ao público infantil co obxectivo de coñecer máis sobre esta data e sobre o homenaxeado desta edición.

Como cada ano, continuaremos a recollida de vocábulos e ditos en desuso concretada no proxecto “Apañando verbas perdidas” iniciado hai 6 anos.

Lugar: Museo Liste.

Data: 17 de maio.

Dirixido a: público en xeral.

- **DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS (18 DE MAIO): OS VÍNCULOS CREADOS POLAS COLECCIÓNS DOS MUSEOS.**

Contido: Co gallo desta celebración convócase o II Concurso de Relatos, aberto a alumnos de primaria.

Este ano o tema do que partir será “**Un día na vida hai 100 anos**”, no que situándose nese momento histórico contén algunha vivencia ou experiencia dun neno da época sinalada, ambientando o relato no contexto axeitado. Estableceranse tres premios, un premio por cada ciclo. O premio incluírá un lote de libros e unha invitación ao Museo para a clase do alumno gañador, para o que se organizará unha ginkana cultural.

A entrega do premio realizarase o día 18 de marzo ás 12:00 h. na sede do Museo. O prazo de recollida de traballos rematará o día 10 de maio. Poderán ser enviados por correo electrónico ao seguinte enderezo: biblioteca@museoliste.org ou por correo postal ao Museo Liste de Vigo, Rúa Pastora, nº 22, 36210 Vigo.

Lugar: Museo Liste.

Datas: 18 de maio

Dirixido a: ao público en xeral.



OBRADOIROS**- A MUDA.**

Contido: charla na que afondar nos aspectos do uso da roupa interior no pasado, aspecto da indumentaria pouco tratado e que, curiosamente, reflicte grandes diferenzas sociais. Estas prendas coñecidas como “a muda” presentan unha grande riqueza documental en canto a usos, materiais, etc. Así, analizaranse diversos aspectos atendendo á súa evolución cronolóxica, ao seu uso segunda as clases sociais e aos materiais empregados na súa confección.

Lugar:* sala “ O devir das estacións”.

Datas: durante todo o ano.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: grupos de adultos e alumnos de bacharelato e universidade previa solicitude (grupos de 10 persoas como mínimo).

Soporte didáctico: distintas pezas de roupa interior procedentes da colección de Rafael González Goyanes e M^a José Martínez.

Monitor: Rafael González Goyanes, artesán téxtil e especialista en indumentaria tradicional.

*Esta actividade tamén se realizará no CAT se así se solicita.

- INSTRUMENTOS HUMILDES.

Contido: actividade que mostra os múltiples recursos cos que orixinar sons musicais. A través do son e das cancións tradicionais e populares coñecemos a forma de tocar os instrumentos, a súa historia, como se fabricaban, as coplas que os acompañaban, se eran tocados por homes ou por mulleres,... O discurso do monitor leva a agrupar os instrumentos segundo a finalidade do seu uso primitivo en: instrumentos construídos co fin de tocar; obxectos de uso cotiá utilizados como instrumentos e xoguetes sonoros ou que imitaban instrumentos. A actividade adáptase, tanto en extensión como en nivel de información e actividades complementarias, ao grupo visitante.

Lugar:* salas do Museo ou xardín circundante.

Datas: durante todo o ano previa solicitude de grupos de 10 persoas como mínimo.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: adaptado segundo a franxa etaria a nenos e a adultos

Soporte didáctico: instrumentos de son e monitor guía.

Monitor: Erica Iglesias Neira.

*Este taller tamén se realizará no CAT se así se solicita.

- **OS XOGUETES ESQUECIDOS.**

Contido: mostra de xoguetes co obxectivo de introducir aos nenos na comparativa entre épocas analizando a evolución das pezas e dos materiais que conformaban os aspectos lúdicos da infancia. A través da observación da necesidade da presenza do xogo na nenez, achegarémonos ás distintas concepcións desta etapa da vida.

Lugar: sala “O devir das estacións”

Datas: durante todo o ano

Duración: 1 h.

Dirixido a: grupos escolares de infantil e primaria previa solicitude.

Soporte didáctico: pezas pertencentes á colección do Museo Liste e a distintas coleccións privadas; audiovisuais e monitoraxe.



CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL – CAT

EXPOSICIÓN PERMANENTE: CESTEIROS NA TRADICIÓN

Contido: acolle unha importante colección de pezas de cestería realizadas en diversos materiais como o vimbio, a madeira rachada e o colmo e concibidas para atender a diferentes necesidades: patelas para o peixe, cestos culeiros para a vendima,... A arte da cestería en Vigo está representada nun módulo específico que mostra os modelos máis emblemáticos e as técnicas e materiais empregados habitualmente.

Neste segundo trimestre do ano, o monitor das visitas, o artesán cesteiro Rubén Berto Covelo realizará unha exhibición do proceso produtivo que neste caso abordará os temas: “O vencello da cestería coa olería e a cestería viva”.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

Datas: martes e xoves de 11:00 a 14:00 h. mércores de 17:00 a 20:00.

Previa solicitude para grupos.

Duración: 1 h. e ½

Soporte didáctico: colección de cestería tradicional propiedade do C.A.T.



EXHIBICIÓN DO PROCESO PRODUCTIVO: “O VENCELLO DA CESTERÍA COA OLERÍA E A CESTERÍA VIVA”

Actividade complementaria que se realiza xunto coa visita á exposición: Cesteiros na tradición.

A exhibición do proceso produtivo efectuada polo artesán cesteiro Rubén Berto Covelo apoia-se nunha pequena mostra de pezas que acompañan ao tema tratado. Nesta ocasión, exhibiranse pezas mixtas realizadas en colaboración entre o citado cesteiro e o artesán oleiro Carlos San Claudio Rodríguez. No referente ao tema da cestería viva poderemos contemplar exemplos de cestería ornamental realizada coa planta viva.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

Datas: martes e xoves pola mañá (de 11:00 a 14:00 h.) e os mércores pola tarde (de 17:00 a 20:00) Previa solicitude para grupos.

Duración: a realizar xunto coa visita á exposición permanente.

Soporte didáctico: monitor artesán especializado, material preciso en cada caso para a aprendizaxe práctica e apoio audiovisual.

CURSOS

- **UNHA MIRADA Á NATUREZA: A ARTE DE CURAR**

Contido: actividade formativa na que os alumnos se iniciarán no recoñecemento das plantas e os alimentos que forman parte dos numerosos recursos cos que contamos dende tempos ancestrais como aliados da nosa saúde.

Curso cun alto valor etnográfico que conecta as novas teorías da medicina antroposófica e cuántica coa tradición dos nosos antergos que tivo en Galicia un especial vencello máxico-terapéutico.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT)


Dirixido a: público en xeral.

Duración: 12 horas.

Datas e horarios: todos os mércores do mes de maio (días 7, 14, 21 e 28) de 17:00 h. a 20:00 h.

Nº de prazas: 10 persoas. (Período de inscrición aberto, ata completar as prazas, a través dos contactos referidos no cadro final).

Docente: Ilda Amoedo Amoedo, investigadora e transmisora da tradición.



PERCORRIDOS URBANOS: MIRADAS ETNOGRÁFICAS

Contido: xorden, inicialmente, como percorridos de coñecemento guiados polo espazo urbano dentro do Casco Vello da cidade, ampliándose, agora, para abarcar outras rutas nas que afondar etnográfica e historicamente.

Así a oferta abarca dúas rutas: o Casco Vello e o Barrio de Bouzas.

A ruta do Casco Vello discorre polas diferentes rúas que o percorren e nos leva a facer unha análise das modificacións urbanísticas, da orixe dos seus topónimos, etc.

O percorrido polo barrio de Bouzas plantéxase como unha achega á idiosincrasia dun barrio, actualmente urbano, cun pasado dissociado da cidade olívica. Os seus puntos de referencia históricos veñen marcados por dous fitos: a concesión do título de vila por parte de Carlos III (s. XVIII) e a conservación do seu territorio como concello independente ata 1904.

Son, así mesmo, estas rutas, estratexias de sensibilización cidadá con respecto á visión dos elementos patrimoniais, que reflicten o modo de vida que aconteceu.

Salientar que o trazado da ruta presenta sempre variacións, o que supón un interese engadido para aqueles grupos ou particulares que desexen acadar un coñecemento máis amplo dos percorridos dos que se parte.

Rutas: os grupos poderán optar entre dous percorridos

Percorrido nº 1: Casco Vello

Percorrido nº 2: Bouzas

Lugar: o lugar de partida para cada un dos percorridos será convenientemente difundido.

Datas: a actividade ofértase todos os **venres** para grupos previa solicitude de forma gratuíta. Mínimo grupos de 15 persoas. Os particulares que desexen unirse ao grupo preestablecido, poderán facelo inscribíndose polas canles de contacto referidas no cadro final e sempre que existan prazas vacantes.

Hora: a convir, sempre en horario de tarde.

Duración aproximada: 2 h.

Monitor-guía: Elisa Pereira García.

FALADOIROS ARTESÁNS

Contido: encontros nos que o conferenciante invitado en cada convocatoria introduce un tema do que xurde un debate aberto sobre diversos aspectos relacionados co ámbito artesán.

Temas a tratar neste trimestre:

- “Un pulso ao plástico: o latoeiro”. Poñente: Fernando Reboredo (mércores 16 de abril ás 19:30 h). Último latoeiro en activo. Ven traballando o latón dende neno cando aprendeu a técnica do seu pai. Amais dos tradicionais obxectos en latón recicla latas e outros elementos co fin de darlles unha nova utilidade.
- “Olería: cantas posibilidades”. Poñente: Elías González Prieto (mércores de maio aínda sen concretar, será convenientemente difundida). Último oleiro de Gundivós, alumno de Agapito González e continuador dunha tradición que converte esta olería nunha das máis coñecidas xunto coa de Bonxe, Buño e Niñodaguia.

Dirixido: ao público en xeral. Entrada libre

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

Datas e horarios: 16 de abril ás 19:30 h. e un mércores de maio (data sen determinar que será convenientemente difundida)



O ESCAPARATE

Contido: iniciativa nacida no ano 2013 con continuidade no presente debido a grande acollida que tivo entre o colectivo artesán. O seu obxectivo céntrase en brindar un espazo expositivo que sexa un escaparate para a actual produción artesán na zona alta do casco histórico da cidade.

O proceso de selección dos traballos a exhibir iniciase coa publicación dunha convocatoria que convida á presentación do artesán e da súa produción.

Neste trimestre permanecerá en exposición o traballo seleccionado na última convocatoria. A escolla recaeu en **Ana Miguéns** que, baixo o título de **“Galicia complementa”** presenta unha serie de 14 colares de clara inspiración na nosa etnografía. A proposta foi creada, ex profeso, para o proxecto e nela cada deseño está pensado para que conte unha historia, transmita unha tradición galega ou recree un aspecto da nosa arquitectura.

Etnografía e artesanía conflúen nesta mostra probando, unha vez máis, que modernidade e tradición se complementan.

Lugar: C.A.T (Centro de Artesanía Tradicional)

Datas: durante todo o ano.

Horario: dentro do horario establecido para o centro.



CONVOCATORIAS

- **CONVOCATORIA II CONCURSO DE RELATOS (DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS (18 DE MAIO): OS VÍNCULOS CREADOS POLAS COLECCIÓN DOS MUSEOS)**

Contido: Co gallo desta celebración convócase o II Concurso de Relatos, aberto a alumnos de primaria. Este ano o tema do que partir será “Un día na vida hai 100 anos”, no que situándose nese momento histórico contén algunha vivencia ou experiencia dun neno da época sinalada ambientando o relato no contexto axeitado. Estabeleceranse tres premios, un premio por cada ciclo. O premio incluírá un lote de libros e unha invitación ao Museo para a clase do alumno gañador, para o que se organizará unha ginkana cultural. A entrega do premio realizarase o día 18 de maio ás 12:00 h. na sede do Museo. O prazo de recollida de traballos rematará o día 10 de maio. Poderán ser enviados por correo electrónico ao seguinte enderezo: biblioteca@museoliste.org ou por correo postal ao Museo Liste de Vigo, Rúa Pastora, nº 22, 36210 Vigo.

Lugar: Museo Liste.

Datas: 18 de maio

Dirixido a: ao público en xeral.

- **CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE TRABALLOS ARTESÁNS PARA “O ESCAPARATE”.**

Obxectivo: apertura dunha nova convocatoria co fin de seleccionar traballos susceptíbeis de ser expostos no Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (C.A.T).

A través dun escaparate como son as instalacións do CAT preténdese facer chegar o traballo do colectivo artesán a un maior número de público. O resultado é a apertura da 2ª convocatoria deste ano, co fin de seleccionar os traballos que se exhibirán no CAT no 3º trimestre do 2014 (xullo, agosto e setembro).

Participantes: artesáns que queiran dar a coñecer a súa produción.

Prazo de presentación de dossiers: ata o 10 de xuño, a través do correo electrónico referido no cadro final ou na sede do Museo Liste de Vigo.

INFORMACIÓN XERAL

HORARIO MUSEO LISTE VIGO

DE MARTES A SÁBADO:

MAÑÁNS : de 11:00 h. a 14:00 h.. TARDES: de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA A O MUSEO LISTE

Xeral: 2 €

Reducido: 1 €. menores de 12 anos 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.

Gratuíto: Centros de Ensino e Asociacións da 3ª Idade do Concello de Vigo; exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

CONTACTO

Tfno. 986-244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

recepcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

www.museoliste.org

HORARIO CENTRO ARTESANÍA TRADICIONAL: CAT

Entrada gratuíta

MARTES E XOVES DE 11:00 A 14:00

MÉRCORES DE 17:00 A 20:00